

PROXECTO EDUCATIVO

CEIP MESTRE MARTÍNEZ
ALONSO

Contido

1. INTRODUCCIÓN	4
2. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO.....	8
2.1- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO	8
2.2- HORARIOS DE FUNCIONAMENTO	9
2.3- DESCRICIÓN DO CONTORNO E SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA	10
2.4- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA.....	11
2.5-RELACIÓNS CO ENTORNO	12
3. O CENTRO.....	16
3.1-INSTALACIÓNS	16
3.2-ALUMNADO	17
3.3-PROFESORADO	18
3.4-PERSOAL NON DOCENTE.....	20
4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	21
4.1 ORGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS:	21
4.2 ORGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS:	21
4.3 ÓRGANOS DE COORDINACION DOCENTE	22
5.INTENCIÓNS EDUCATIVAS.....	28
VALORES E PRIORIDADES	28
OBXECTIVOS	29
REFERIDOS AO ALUMNADO:	29
REFERIDOS AO PROFESORADO:	30
REFERIDOS AOS PAIS/NAIS.....	31
REFERIDOS AO ÁMBITO INSTITUCIONAL.....	31
6.NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	32
7.EDUCACIÓN INFANTIL	33
ORGANIZACIÓN ESPACIAL	33
Recunchos de traballo.....	33

Recunchos de xogo	34
ORGANIZACIÓN TEMPORAL.....	35
PERÍODO DE ADAPTACIÓN	37
CRITERIOS DE AGRUPAMENTO DO ALUMNADO	37
METODOLOXÍA.....	38
CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	40
MATERIAIS E RECURSOS.....	42
8. EDUCACIÓN PRIMARIA.....	43
DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	43
METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA A APRENDIZAXE DAS MATEMÁTICAS.....	45
METODOLOXÍA TEACCH	46
SAAC.....	47
DEDICACIÓN DAS HORAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN	47
TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	48
PLAN TRANSICIÓN INFANTIL-PRIMARIA.....	51
CONCRECIÓN DO CURRÍCULO	55
ESTRUCTURA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	55
EDUCACIÓN DIXITAL.....	56
9. PLAN DE MELLORA	57
10. AVALIACIÓN	58
CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	58
CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS.....	59
PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.....	59
11. PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROGRAMAS EDUCATIVOS.....	61
PLAMBE.....	61
SECCIÓNS BILINGÜES.....	61

CONTRATOS-PROGRAMA	62
RECUPÉRA-T (2021/22)	62
ARCO (2021/22).....	63
PROA+ (2021/22).....	64
IGUÁLA-T:	65
CONVIVE-T:	66
INCLUÉ-T:	66
PLANS E PROXECTOS (anexos).....	68
I. PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	68
II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.....	68
III. PLAN DE ORIENTACIÓN.....	68
IV. PLAN DE CONVIVENCIA.....	68
V. CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOS ESCOLAR E CIBERACOSO INCLUÍDO NO PLAN DE CONVIVENCIA.....	68
VI. PROXECTO LINGÜÍSTICO	68
VII. PROXECTO LECTOR.....	68
VIII. PLAN TIC	68
IX. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE (SECCIÓNS BILINGÜES).....	68
X. NOFC.....	68
XI. PLAN DE IGUALDADE	68
XII. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA	68

1. INTRODUCCIÓN

A **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación**, no seu CAPÍTULO II. Autonomía dos centros, establece no artigo 121. os seguintes aspectos sobre o Proxecto educativo:

- O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.
- Asimesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.
- Asemade recollerá a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.
- O proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do entorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do entorno.
- O proxecto recollerá, alomenos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción titorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa coma valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.

- Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puideran existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo dita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.
- O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periódicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se plantexen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o entorno.
- No marco do establecido por las Administracions educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos co obxeto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Tamén o **DECRETO 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria establece no seu artigo 87:

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos, das características do contorno escolar e das do centro, o proxecto educativo fixará obxectivos, prioridades e procedementos de actuación, e incluírá:

- a) A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei.
- b) Os fins e as intencións educativas do centro de acordo coa identidade propia del.
- c) Os obxectivos do centro tendentes a logra-la normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua

galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.

d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten nel e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.

e) O Regulamento de réxime interior do centro.

f) A oferta do centro en canto a actividades e servizos.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

Na **ORDE do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolve o anterior decreto, establece no seu Capítulo I: Proxectos de xestión do centro educativo, aspectos referidos ao Proxecto educativo de centro:

1.1. Conforme o disposto no artigo 6 da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, os centros elaborarán un proxecto educativo. A elaboración e mailo contido do dito proxecto axustarase ó disposto no título IV, capítulo I, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

1.2. A elaboración do proxecto educativo correspóndelle ó equipo directivo e realizarase conforme o establecido no artigo 86 do referido regulamento. Para establecer os criterios xerais e facer as correspondentes achegas para a súa elaboración, poderá constituírse unha comisión no seo do consello escolar con representación de tódolos sectores, que canalizará e valorará as achegas feitas polo claustro e as asociacións de pais.

1.3. O proxecto educativo de centro, así como as progresivas modificacións que se fagan del, será aprobado e avaliado polo consello escolar. Unha copia deste quedará na secretaría á disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregaráselles ás asociacións de pais e un terceiro remitirase á inspección educativa.

1.4. O proxecto educativo deberá recoller, ademais dos apartados que figuran no artigo 87 do citado regulamento orgánico, os seguintes aspectos:

-As características do contorno e as necesidades educativas que en función deste deberá satisfacerlo centro.

-As actividades ofertadas polo centro, tanto complementarias como extraescolares.

-A participación en programas institucionais.

-A oferta de idiomas que realiza o centro.

-O instituto de secundaria ó que está adscrito o colexio.

-As condicións de utilización das instalacións do centro.

-Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e a oferta educativa do centro.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO EDUCATIVO

2.1- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

TIPO DE CENTRO: Público

DENOMINACIÓN: C.E.I.P MESTRE MARTÍNEZ ALONSO

CENTRO PLURILINGÜE: SECCIÓNS BILINGÜES 1º/2º PRIMARIA

CÓDIGO DO CENTRO: 36005245

ENDEREZO: Rúa Castro 50 - 36415-Mos - Pontevedra

COORDENADAS: 42°12'03.3"N 8°36'29.6"W

TELÉFONOS:

DIRECCIÓN: 886110315

SECRETARÍA:886110314

XEFATURA:886110316

ORIENTACIÓN:886110317

ATENCIÓN XERAL:886110318

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.mestre.alonso@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrealonso/>

SERVIZOS: TRANSPORTE ESCOLAR

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

COMEDOR ESCOLAR (ANPA)

PLAN MADRUGADORES (ANPA-CONCELLO)

CENTRO DE ADSCRICIÓN: IES DE MOS

2.2- HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

	HORARIO DO CENTRO				
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CUSTODIA ALUMNADO	8:30- 9:00				
PROFESORADO	8:45- 14:15				
LECTIVO ALUMNADO	9:00-14:00				
RECREO 1/ HORA DE LER	11:30 - 11:55				
RECREO 2/ HORA DE LER	11:55- 12:20				
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
DIRECCIÓN	9:00 a 9:55 13:00- 14:00	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55 13:00- 14:00
XEFATURA	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55	9:00 a 9:55
SECRETARIA	13:00- 14:00	13:00- 14:00	12:20- 14:00	13:00- 14:00	13:00- 14:00
TITORÍA PAIS		16:00- 17:00			

2.3- DESCRICIÓN DO CONTORNO E SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA

O CEIP Mestre Martínez Alonso é un centro público situado en Mos, municipio da provincia de Pontevedra, próximo á estrada que une Porriño e Redondela. Aséntase no val do río Louro, afluente do Miño que cruza o termo municipal de nordeste a suroeste. Forma parte da comarca das Terras da Louriña.

A poboación chega aos 15.000 habitantes, nun área de 53,2 quilómetros cadrados, repartidos en dez parroquias: Cela, Dornelas, Guizán, Louredo, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguñeda, Tameiga e Torroso. O noso centro atópase na parroquia de Santa Eulalia, no barrio de Castro. Aínda que é unha zona rural xa que o concello de Mos non posúe núcleo urbano, o certo é que a proximidade de zonas urbanas coma Porriño, Redondela e Vigo exercen unha notable influencia nos habitantes de Mos. É un feito claro que a meirande parte da poboación trasládase a traballar ás industrias dos dous concellos xa citados (O Porriño e Vigo) sendo minoritaria a que resta en Mos para desempregar un oficio. Do mesmo xeito podemos dicir que a dedicación en exclusiva ao cultivo da terra practicamente é inexistente, se ben en moitas familias trabállase o necesario para garantir o autoabastecemento de produtos básicos. A poboación está dispersa e o nivel socioeconómico inscríbese nun extracto medio, cunha taxa de desemprego que nos últimos 6 anos acada o 16% de media.

A maioría do noso alumnado pertence á parroquia na que está asentada o centro, distribuído entre os seus barrios de Castro, Santa Marta, Gándara, Regadas e Cabaleiros, e tamén da parroquia de Louredo.

No referente ao nivel cultural este poderíase clasificar como medio e nalgúns casos como medio-baixo, apreciándose deficiencias importantes: nenos con moi pouco vocabulario, con dificultades grandes en canto a comprensión e expresión, con hábitos de traballo e estudo inexistentes, con falta de interese pola lectura, con ausencia de pautas de comportamento na familia,...

O nivel de estudos dos pais e nais do noso alumnado atópanse sobretudo entre o nivel medio e o nivel básico, cunha baixa proporción dos que posúen estudos universitarios.

O Concello conta cun patrimonio natural, arqueolóxico, artístico e cultural abundante e variado, sendo de especial relevancia:

- O Castro de Torroso
- As igrexas de estilo románico de San Salvador en Louredo , Santa María de Guizán é a Igrexa de Santiago de Sanguñeda.
- Pazo dos Marqueses de Mos atopase no barrio de A Rúa na parroquia que da nome ao Concello de Mos.
- O Camiño de Santiago na súa vertente portuguesa atravesa o Concello de Mos.
- Sendeiro do Louro

2.4- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

NAS FAMILIAS

A proximidade de zonas urbanas de influencia afecta de forma decisiva no plurilingüismo existente na zona, sendo predominante o uso do castelán con respecto ao galego.

Respecto da lingua na que aprenderon a falar a maioría de nais indica que aprendeu a falar nas dúas linguas, polo que falando son bilingües, pero a maioría dos pais aprendeu en galego.

En canto a lingua que utilizan na familia (cos seus fillos, cos seus irmáns, coa súa parella,) empregan máis o castelán que o galego.

NO CENTRO EDUCATIVO

A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro e nas notas informativas dos taboleiros é do 100% así coma nas comunicacións escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións.

O Profesorado ao relacionarse entre eles empregan sobretudo o castelán, sendo unha minoría a que só empregan o galego.

O alumnado utiliza habitualmente é o castelán, seguida por unha porcentaxe grande de alumnos que utiliza ámbas, sendo unha porcentaxe mínima os que falan só galego

O persoal non docente emprega maioritariamente a lingua galega e a ANPA predominantemente o castelán.

2.5-RELACIÓNS CO ENTORNO

O Centro establece e mantén boas relacións co entorno, a través das entidades que pola súa natureza se ven involucradas no desenvolvemento das actividades docentes e aquelas outras que lle son propias.

CENTRO-CONCELLO

Centro e o Concello manteñen unha magnífica e fluida relación con contactos habituais a través da principal interlocutora que é a Concelleira de Educación Dona Julia Loureiro no tocante a aspectos cun contido máis oficial, relativos especialmente ás tarefas de mantemento, limpeza e melloras constantes no Centro.

A nivel académico o Concello oferta ao longo de cada curso un amplo e variado número de actividades no ámbito do aprendizaxe lúdica, saídas, charlas... recollendo en numerosas ocasións as suxestións que se fan desde o centro.

CENTRO-ANPA

As relacións coa Asociación de Pais ANPA O CASTRO son excelentes dado o talante dialogante dos seus membros e a súa dispoñibilidade constante a axudar coas actividades do centro. Contamos cun ANPA que desenvolve un

excelente traballo colaborando co Colexio nas actividades complementarias ou directamente desenvolvendo actividades coma a Horta escolar.

Xestionan o comedor escolar e o Servizo de Madrugadores, organizan a excursión de final de curso para o alumnado de 6º e actúan coma intermedairios en moitas das propostas do Concello ou de Asociacións do entorno, especialmente para desenvolver actividades extraescolares de tarde outras relacionadas co medio natural próximo. No ámbito da organización forman parte do Consello Escolar ao que levan as súas suxestións e inqedanzas.

O centro contribúe cedendo espazos para o seu traballo mais administrativo ou reunións e un almacén para gardar o seu material. Tamén asignou unha conta propia para a fotocopiadora do centro e contribúe á difusión de todos os comunicados a través da web, onde posúen o seu propio espazo, ou a través de circulares en papel para as familias e asociados.

RELACIÓNS CON OUTROS CEIP-IES DE MOS

Ademáis das relacións propias derivadas de sermos centro adscrito ao IES de Mos, participamos cada curso nas reunións que normalmente planifica o Departamento de Orientación do mesmo e tamén no desenvolvemento do Programa GUÍAME, no que o noso alumnado visita o IES despois de que alumnado do mesmo nos visite no noso centro para ter unha charla co alumnado de 6º.

A relación cos outros centros públicos do Concello redúcense a comunicacións puntuais normalmente relativas a aspectos administrativos.

CENTRO-FAMILIAS

A cordialidade nas relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son esenciais en calquera etapa educativa. A escola non pode nin debe pretender substituir a familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto mellor se coñezan os profesorado e familias, mellores resultados acadaremos a nivel educativo.

A corresponsabilidade é esencial para dirixir os esforzos na mesma dirección e sumar. Para levar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:

1. A través do Consello Escolar, coa cooperación na organización do Centro.
2. A través dunha implicación das familias no proceso educativo, froito dun consenso familia-escola e dunha comunicación fluída e constante.

Educando xuntos, Familia-Escola é a nosa Escola de Nais e Pais que xorde para fomentar a colaboración e participación das familias na vida escolar, coordinada a través do noso departamento de orientación.

O xeito tradicional de comunicación do centro coas familias é mediante circulares que se envían a través do alumnado, e que tamén se poñen a disposición das familias na web do centro:

- Circular de Inicio de curso: ofréceselle ás familias a seguinte información:
 1. Calendario escolar: días lectivos-vacacións.
 2. Horario de atención do Equipo directivo, orientación e titores.
 3. Datas das reunións por titorías.
 4. Normas na entrada e saída do centro, así coma a xustificación das faltas
 5. Datos de contacto: teléfono-fax-email-páxina web.
 6. Autorizacións de imaxe e recollida do alumnado.
 7. Datos do transporte escolar.
 8. Información sobre as becas e axudas en vigor
- Circulares de avisos urxentes, saídas programadas e autorización das mesmas, conmemoracións especiais, avaliacións e recordatorios dos períodos de vacacións, que se fan ao longo dos trimestres.
- Circular de fin de curso coa programación de actividades a realizar.

Todas esas comunicacións do centro, así coma outras que veñen da ANPA ou do Concello son tamén enviadas e aparecen na web do centro

De acordo co establecido no Plan de adaptación ao contexto covid 19 no presente curso 2019-20 tódalas comunicacións do centro faranse a través da web do centro e a ferramenta institucional ABALAR.

A nivel titoría, a comunicación cos pais/nais adoita a realizarse a través da axenda do alumno, sendo unha comunicación bidireccional. No comezo de cada curso prográmase unha reunión de todos os pais/nais co titor/a, para informar do inicio do curso, das normas e dar pautas de comunicación e traballo conxunto

En cada aula existe un libro rexistro de convivencia no que o profesorado anota as incidencias máis relevantes do alumnado ao longo de cada día/semana, O venres é revisado pola titora, que comunica ás familias as incidencias pola axenda.

O horario de titoría é martes de 16-17h, sen embargo o profesorado titor é flexible á hora de atender ás familias que non poden acudir ás citas nese horario de tarde por causas xustificadas. Nos casos de urxencia se recorre ao teléfono que as familias indican ao efecto.

A nivel do Equipo directivo, tamén existe ampla flexibilidade no tocante á atención ás familias, especialmente no relacionado coa secretaría, ampliando ese horario ás horas de dirección e xefatura en momentos puntuais de incremento do labor administrativo (matrícula-becas-axudas...).

Ao longo do curso o centro programa actividades nas que as familias participan directamente coma na exposición de cabazas polo Samaín, a visita dos Reis Magos no Nadal, aportación de castañas para o Magosto, ou ben outras coma xornadas de portas abertas ou invitación a asistir a actos académicos de fin de curso.

No presente curso non se celebrarán actividades complementarias nin actividades de gran grupo no centro.

O centro pon ao servizo das familias dende hai dous cursos o Buzón de Suxestións no que poderán realizar aquelas que consideren oportunas a través do modelo, que estará disponible na Secretaría e na web do centro.

3. O CENTRO

O colexio, inaugurado no curso 2009-10, foi construído na mesma ubicación que o anterior e conta cunha capacidade para dúas liñas completas de Educación Infantil e Primaria.

3.1-INSTALACIÓNS

Conta con unhas instalacións modernas e amplos espazos exteriores, si ben as zonas verdes son moito mais reducidas que no vello colexio, dado que o Concello utilizou unha gran parte deses espazos para a construción dun pavillón municipal que linda co centro.

O edificio está estruturado en tres plantas:

- **PLANTA PRINCIPAL:** conta con 6 aulas de E.Infantil cada unha delas ten incorporados aseos para o alumnado, 12 aulas de E.Primaria, Aula de usos múltiples (Música e informática), biblioteca e 5 aulas de pequeno grupo. A zona de Primaria conta con aseos para o alumnado diferenciados por sexos e outros para alumnado con discapacidade.
- **PLANTA BAIXA:** Gimnasio con vestiarios e aseos, almacéns e comedor.

- PLANTA 1ª: Aseos do profesorado e a zona administrativa coa secretaría, dúas salas de Mestres, Departamento de orientación, Xefatura e Dirección.

Os espazos exteriores abranguen un patio cuberto, unha pista polideportiva exterior e a zona do patio principal de E.Infantil. Este nivel conta a maiores con outro patio interior de acceso directo dende cada unha das aulas.

3.2-ALUMNADO

As ensinanzas que se imparten no noso centro son as de Educación Infantil e Primaria, atendendo por tanto a alumnado de idades comprendidas entre os tres e os doce anos de idade, conformando dúas etapas diferentes. No curso académico 2021-2022 contamos con:

- 5 unidades de Educación Infantil (2º ciclo)
- 9 unidades de Educación Primaria.

O centro está adscrito ao IES de Mos.

O número de alumnos/as do colexio ascende no presente curso a 275, repartidos de maneira bastante homoxénea entre as unidades existentes do seguinte xeito:

ALUMNADO DO CURSO 2021/2022				
ETAPA	AULA	Nº ALUMNADO POR AULA	TOTAL ALUMNADO POR NIVEL	TOTAL ALUMNADO POR ETAPA
EDUCACIÓN INFANTIL	3 ANOS	24	24	90
	4 ANOS A	16	30	
	4 ANOS B	14		
	5 ANOS A	19	36	
	5 ANOS B	17		
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º	23	23	185
	2ºA	25	49	
	2ºB	24		
	3º	23	23	
	4º	21	21	
	5ºA	16	32	
	5ºB	16		
	6ºA	18	37	
	6ºB	19		
TOTAL ALUMNADO CURSO 2021/2022: 275				

3.3-PROFESORADO

O catálogo do noso centro (DOG nº 141, do mércores 2 de xullo de 2017) establece para o noso centro 4 unidades de EI e 10 unidades de EP.

O centro conta no presente curso cun total de 27 profesores a maioría dos cales posúe destino definitivo no centro:

- 5 especialistas de Educación Infantil
- 1 profesor de apoio a Educación Infantil
- 9 especialistas de Educación Primaria
- 1 especialista en Lingua Estranxeira: Francés
- 1 especialista en Música
- 2 especialistas en Educación Física. O segundo compartido co CEIP Valle Inclán.
- 2 especialistas en Lingua Estranxeira: Inglés (1 con redución de ½ xornada)
- 1 especialista en Relixión católica
- 2 especialistas en Pedagogía Terapéutica
- 2 especialista en Audición e Linguaxe.
- 1 Orientadora

No curso académico 2019-2020, o centro foi designado como de Atención Preferente e contamos con dúas profesoras en comisión de servizos, especialistas en PT e AL que atenden ao alumnado na propia aula .

3.4-PERSOAL NON DOCENTE

- CONSERXE

Nomeado polo Concello. Encárgase da apertura e peche do centro, tarefas de limpeza de patios e mantemento dos mesmos, traslado de mobiliario, reparacións e instalacións, coidado das zonas verdes e de xogo e mantemento en xeral das instalacións, en horario de 8 a 14 h.

Ademáis axuda na preparación das conmemoracións tales coma o Magosto ou nas actividades que requiran instalación de equipos de imaxe e son.

- COIDADORA

Encárgase do coidado do noso alumnado con nee e discapacidade motórica,

A súa xornada de traballo comeza ás 8:30h, realizando as súas funcións ao longo da mañá apoiando nas aulas ao profesorado das mesmas en relación ao alumnado que ten asignado. O Departamento de orientación establece o seu horario de atención ao alumnado asignado. Ás 14:00 h remata o seu horario. Realiza tarefas de apoio na aula ao profesorado- Traslados-Aseo-Suministro de alimentos-Custodia alumnado transportado-Garda no tempo de recreo.

- PERSOAL DE LIMPEZA

Tres persoas contratadas polo Concello desempeñan as tarefas de limpeza no centro ao longo do día, unha en horario de mañá e dúas máis pola tarde.

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

4.1 ORGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS:

EQUIPO DIRECTIVO

A dirección, xefatura de estudos e secretaria serán os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación as competencias do director ou directora veñen indicadas no apartado setenta que modifica o artigo 132.

4.2 ORGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS:

CONSELLO ESCOLAR

E o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar.

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación as competencias do Consello Escolar veñen indicadas no apartado setenta e oito que modifica o **artigo 127**.

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Está integrado pola totalidade do profesorado que presta servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

As súas funcións recóllense no Capítulo III, artigo 126 e 127 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao

establecido no Regulamento Organico das escolas de educacion Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro),e ao artigo 129 da LOMCE.

4.3 ÓRGANOS DE COORDINACION DOCENTE

EQUIPOS DE NIVEL

Os Equipos de nivel estarán formados polo profesorado (titores e especialistas) que impartan docencia no mesmo nivel dirixidos por un coordinador,elixido pola xefatura de estudos/dirección de entre os titores do nivel, cuxo cargo terá unha duración dun curso escolar e cuxas funcións son as seguintes:

Formar parte da CCP.

Convocar e levantar acta das reunións de nivel.

Supervisar, ao inicio de cada curso, a Programación didáctica do nivel.

Elaborar unha memoria final do nivel ao remate de cada curso académico.

Formular ao Equipo directivo todas aquelas propostas que considere oportunas

Os Equipos de nivel reuniranse quincenalmente, de acordo co calendario que a Xefatura de Estudos estableza e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

Son as súas funcións:

Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e da programación xeral anual e/ou á súa revisión cando se considere necesaria.

Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de nivel e manter actualizada a metodoloxía didáctica.

Organizar, propoñer e realizar as actividades complementarias e extraescolares.

Analizar e decidir os libros de texto do nivel e realizar as sesións de avaliación do alumnado.

EQUIPOS DE CICLO DE E. INFANTIL

Estará formado polo profesorado que imparta docencia en E. Infantil. Estará dirixido por unha coordinadora, cuxo cargo terá unha duración dun curso escolar e cuxas funcións son as establecidas no R.O.C.

A persoa coordinadora terá asignadas alomenos unha hora no seu horario lectivo para o desempeño das súas funcións, podendo ser incrementadas de acordo coa disponibilidad do centro.

Reuniranse polo menos unha vez ao mes, de acordo co calendario que se estableza o comezo de cada curso escolar, e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario. As súas funcións son as establecidas no ROC.

COMISION DE COORDINACION PEDAGOXICA

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, cuxas funcións son as establecidas no R.O.C., reunirse unha vez ao mes, de acordo co calendario que a Xefatura de Estudos estableza ao comezo de cada curso escolar, e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario. A finalidade desta Comision e garantir a coherencia e coordinacion vertical do proxecto curricular do centro.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica estará formada, polos seguintes membros:

Director/a, que a preside

A Xefa de Estudos

Orientadora.

Profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

A coordinación do Equipo de Dinamización da lingua galega, Equipo de Biblioteca Escolar, Equipos de nivel, Equipo de Convivencia, Ciclo de E. Infantil, Seccións Bilingües e TIC.

EQUIPOS DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA

O Equipo de normalización lingüística, estará formado pola súa coordinadora e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso, procurando que haxa sempre representación de E Infantil e E. Primaria

O Equipo de normalización lingüística, cuxas funcións son as establecidas no R.O.C., reunirse unha vez ao mes, de acordo co calendario que a Xefatura de Estudos estableza ao comezo de cada curso escolar, e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

O Equipo de actividades complementarias e extraescolares estará integrado por un Xefe/a e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso, procurando que haxa sempre representación de E Infantil e E. Primaria.

O xefe do Equipo de actividades complementarias e extraescolares, actuará baixo a dependencia do xefe de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo e as súas funcións son as establecidas no R.O.C.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACION

A súa composición e función están regulados polo Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

O Equipo de biblioteca, estará formado pola súa coordinadora e polo profesorado que se adscriba ao mesmo no claustro de inicio de curso, procurando que haxa sempre representación de E Infantil e E. Primaria e, sempre que sexa posible, que exista continuidade do mesmo. Reunirase unha vez ao mes, de acordo co calendario que a Xefatura de Estudos estableza ao comezo de cada curso escolar, e sempre que os seus compoñentes o consideren necesario.

A coordinadora terá asignadas alomenos dúas horas no seu horario lectivo para o desempeño das súas funcións, podendo ser incrementadas de acordo coa disponibilidad do centro.

Funcións da coordinadora son as recollidas na ORDE do 19 de maio de 2017 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2017/18 (Anexo I)

EQUIPO DE CONVIVENCIA

A persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función titorial e propoñendo accións cooperativas. Asesorará ao resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Son función do equipo:

1. Seleccionar aqueles ámbitos de PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación.
2. Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
3. Colaborar na dinamización do plan de convivencia xunto co Observatorio da Convivencia do centro e formar parte do mesmo.

5. Coordinar actuacións no centro, dende a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo de cultura de paz.
6. Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
7. Realizar un informe trimestral, tralas sesións de avaliación sobre o estado de convivencia, con propostas de mellora en función dos logros acadados e das dificultades existentes.

COORDINACIÓN TIC

No centro hai un Coordinador TIC encargado do mantemento cotiá dos equipos informáticos do centro, así como o soporte no uso didáctico dos mesmos ao resto do profesorado do claustro, con dúas horas asignadas no seu horario lectivo, podendo ser incrementadas de acordo coa disponibilidad do centro. Son as súas funcións:

1. Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
2. Mantemento cotiá dos equipos informáticos, constituindo o primeiro nivel de soporte dos mesmos, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran
3. Dar soporte, en el uso didáctico, del equipo informático del centro, al resto del claustro, contando con el apoyo, en esta tarea, del asesor o asesora TIC de la zona, siempre que las circunstancias así lo requieran.
4. Elaborará, a requerimiento del equipo directivo y de las líneas directrices de la Comisión de Coordinación Pedagógica, el proyecto TIC y la organización y gestión de los medios y recursos tecnológicos del centro.
5. Asesorar, en su caso, el mantenimiento del sitio web del centro.
6. Aquellas otras funciones que la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria establezca en su normativa específica.

TITORÍAS

Cada grupo de alumnos terá un mestre/a titor/a que, sempre que sexa posible, debe ser o mestre/a que imparta máis horas de docencia ao grupo. Os titores serán designados de acordo cos criterios establecidos no R.O.C., no que tamén se indican cales son as súas funcións.

O **Plan de Acción Titorial (PAT)** é o marco en que especificamos os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción titorial nos centros educativos.

Para o apoio ao correcto desenvolvemento da función titorial, figurarán no plan de acción titorial as distintas accións que cumprirá levar a cabo co alumnado e as súas familias, entre outras :

actividades de acollida tanto para o alumnado como para as súas familias,

- técnicas de traballo intelectual que favorezan a adquisición das competencias básicas por parte do alumnado,
- técnicas de traballo en grupo,
- organización dos tempos de traballo e lecer,
- actividades que favorezan o desenvolvemento da intelixencia emocional, respecto ás diferenzas e a cohesión do grupo clase,
- actividades que favorezan a convivencia dentro e fóra das aulas e a resolución pacífica de conflitos,
- actividades que potencien o gusto pola lectura e pola reflexión,
- actividades encamiñadas á consecución do pensamento crítico e diverxente,
- actividades que favorezan o consumo responsable e o coidado do medio natural

calquera outra actividade que favoreza o desenvolvemento equilibrado do alumnado.

5.INTENCIONS EDUCATIVAS

VALORES E PRIORIDADES

O noso centro pretende apostar por un ensino de calidade, inclusivo, dinámico, aberto ao cambio e á innovación. Baseado nos catro piares que propón a Comisión Internacional sobre Educación para o século XXI: aprender a ser, aprender a saber, aprender a facer e aprender a convivir. Por todo elo:

- Queremos ser un centro implicado na idea de inclusión educativa, que traballa a diario na eliminación das barreiras fomentando a transmisión dos valores de tolerancia, non violencia e respecto pola diversidade, considerando esta como medio enriquecedor da convivencia.
- Estamos concienciados co traballo da coeducación como modelo pedagóxico integral que fomente a igualdade entre sexos e respecte as diferencias nas identidades sexuais do noso alumnado.
- Queremos traballar para ser unha escola democrática e participativa desenvolvendo capacidades e habilidades para a convivencia social e a solidariedade.
- Queremos fomentar especialmente a autonomía do alumnado ofertándolle a posibilidade dunha participación activa na toma de decisións no centro.
- Queremos esforzarnos en dar resposta ás necesidades pedagóxicas do noso alumnado en sintonía coa realidade, apostando pola formación permanente do claustro en aspectos de innovación, sendo especialmente rigorosos na elección das metodoloxías que aportan melloras no desenvolvemento da práctica docente.
- Queremos potenciar unha ensinanza activa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade, fomentando a capacidade de observación, de crítica e a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- Queremos ser un centro eficiente que aproveite ao máximo os recursos dispoñibles (humanos e materiais) en función das características e necesidades do alumnado.

- Queremos potenciar a participación activa e vinculante das familias na tarefa educativa, colaborando a través dos representantes no Consello Escolar e da ANPA, implicándoas nos proxectos e na vida do centro, prestando especial atención ás situacións de vulnerabilidade.
- Queremos cooperar na conciliación da vida familiar e laboral apoiando e facilitando a xestión dos servizos como Aula madrugada, comedor escolar, transporte e actividades extraescolares de tarde.
- Queremos fomentar a colaboración institucional sendo un centro aberto ao contexto próximo e a outras instancias sociais.

OBXECTIVOS

REFERIDOS AO ALUMNADO:

1. Fomentar a comunicación e o diálogo entre o alumnado como medio para chegar a acordos tanto a nivel escolar como de convivencia.
2. Facilitar e potenciar a implicación do alumnado nas actividades da vida do centro favorecendo a súa participación na toma de decisións.
3. Mellorar a autoestima do noso alumnado que contribúa tamén ao respecto e aceptación dos demais, desenvolvendo o seu interese polo traballo cooperativo, valorando o esforzo individual dentro dun grupo ou equipo.
4. Promover no alumnado sentimentos de aprecio e valoración do seu contorno, a través do coñecemento e aprecio do seu entorno cultural, social e natural.
5. Desenvolver no noso alumnado actitudes positivas cara ao esforzo e o gusto polo traballo ben feito coma piares básicos para acadar os seus obxectivos na vida.
6. Fomentar o respecto e aprecio doutras realidades distintas a nosas a nivel lingüístico, cultural e social.
7. Desenvolver actitudes de coidado, respecto e mantemento do material escolar e instalacións, especialmente as de uso conxunto de toda a comunidade educativa.

8. Fomentar hábitos relacionados co coñecemento e respecto das normas básicas de funcionamento, organización e convivencia do centro.
9. Mellorar a competencia académica do alumnado, fundamentalmente nas técnicas instrumentais, sen esquecer outros aspectos que incidan no seu enriquecemento integral coma persoas.
10. Desenvolver no alumnado un espírito crítico e a capacidade de análise que lles axude a manter actitudes positivas e rexeitar as negativas tendo en conta as posibles consecuencias.

REFERIDOS AO PROFESORADO:

1. Procurar un clima de traballo agradable no centro, valorando xustamente as opinións e aportacións do Claustro na organización e funcionamento do mesmo.
2. Distribuir o traballo no centro dun xeito equitativo, buscando que o traballo dos equipos e departamentos sexa coordinado e eficaz, evitando a sobrecarga duns respecto doutros.
3. Estimular e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, impulsando en especial as que se realicen no propio centro.
4. Promover a incorporación, na medida do posible, dos avances das novas tecnoloxías á acción docente.
5. Analizar con minuciosidade as necesidades educativas do centro, propoñendo melloras que contribúan a unha resposta eficaz ás mesmas.
6. Desenvolver unha acción tutorial eficaz e procurar unha relación fluida coas familias buscando sinerxias en beneficio do alumnado.
7. Mellorar a comunicación entre os diferentes equipos e departamentos, para lograr unha mellor coordinación do profesorado.
8. Elixir con rigorosidade as metodoloxías e recursos para desenvolver o seu traballo, de xeito que atendan ás peculiaridades e os ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- 9.

REFERIDOS AOS PAIS/NAIS

1. Dinamizar a participación das familias na vida do centro a través dos seus órganos de representación.
2. Atender as propostas dos pais a través do Consello Escolar e da ANPA fomentando o diálogo como medio ideal na resolución de conflitos.
3. Cooperar coas familias na mellora do labor educativo conxunto atendendo ás súas necesidades a través da Escola de Nais/Pais.
4. Fomentar todos aqueles servizos que axuden á conciliación da vida familiar e laboral das familias do alumnado.
5. Asesorar e axilizar os trámites administrativos que teñan que desenvolver as familias no ámbito educativo.
6. Diseñar actividades que contén coa implicación e participación das familias ao longo do curso.
7. Mellorar o fluxo de información coas familias mediante o uso de sistemas eficaces de comunicación, con especial atención ás redes sociais.

REFERIDOS AO ÁMBITO INSTITUCIONAL

1. Colaborar nas iniciativas e actividades promovidas por entidades culturais e sociais do entorno, por organismos oficiais e por outras institucións sen ánimo de lucro.
2. Manter a boa relación co Concello a través da fluidez da comunicación e da mutua lealdade institucional.

6. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Tendo en conta a análise das enquisas realizada para a elaboración do Proxecto lingüístico do centro (que pose ser consultada de xeito íntegro no propio proxecto) consideramos necesario formular os seguintes obxectivos:

Situación lingüística do centro e do profesorado

- Diseñar e levar a cabo campañas de sensibilización ante o uso do galego diversificada para os membros da comunidade educativa.
- Aumentar progresivamente o uso do idioma galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao centro.
- Fomentar a participación en campañas de animación á lectura programadas polo EDL e pola Biblioteca.
- Utilizar a información como canle de promoción da lingua galega.
- Aumentar o uso da lingua galega nas relacións do Centro.
- Promover un uso maior do galego entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.
- Promover un maior uso das novas tecnoloxías entre o profesorado.
- Tentar que o profesorado acade plena competencia para desenvolver a súa laboura docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.
- Contar con actividades diarias permanentes en galego.

Situación do alumnado

- Aumentar progresivamente o uso do galego.
- Estimular actitudes favorables cara ao uso do galego.
- Achegar a lingua ás familias dos alumnos coidando forma e contido.
- Promover a oralidade.

- Potenciar a utilización da lingua galega como lingua vehicular dentro da aula de xeito coloquial.
-

Contorno sociolingüístico do centro

- Aumento progresivo do emprego do galego nas relacións de carácter non oficial, tanto internas como externas ao Centro.
- Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na Comunidade Escolar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.
- Estimular actitudes favorables que se traduzan nun uso xeralizado do galego, superando vellos prexuízos e inercias negativas.
- Incorporar nas programacións didácticas, sempre que resulte posible, a propia realidade, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, literatura, arte e folclore galegos.

7. EDUCACIÓN INFANTIL

ORGANIZACIÓN ESPACIAL

As aulas están organizadas por recunchos de traballo e recunchos de xogo perfectamente diferenciados. Os recunchos son espazos dentro da aula nos que se organizan materiais relacionados con diferentes ámbitos do desenvolvemento (social, artística, lingua oral e escrita, lóxica – matemática...) e cos que se pretende acadar os xa mencionados obxectivos xerais e contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas; xa que estes permiten levar a cabo actividades lúdicas, realizar investigacións, establecer relacións sociais,... en definitiva facilitan as aprendizaxes do alumnado.

Recunchos de traballo

Os recunchos de traballo están organizados mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as que se constituirán como subdivisións dos grupos

estables de convivencia, sempre os mesmos en cada un dos trimestres coa posibilidade de modificalos despois do período de vacacións. A distancia entre estes grupos será de 1`5 metros ou a máxima que permita a aula. En canto a organización dos grupos de traballo, cada grupo terá asignada unha mesa, e cada alumno do grupo terá asignado o seu sitio fixo dentro da mesa.

Os recunchos de traballo diferéncianse en:

- Recuncho das palabras ou recuncho dos sabios/as
- Recuncho matemático ou recuncho dos pensadores/as
- Recuncho artístico (musical, audiovisual, corporal...)
- Recuncho Steam.
- Recuncho da caixa misteriosa.

Recunchos de xogo

A utilización dos recunchos de xogo levarase a cabo mediante un rexistro nun panel, que todos os nenos/as coñecerán e que permitirá o acceso os mesmos de forma autónoma a vez que nos permitirá controlar e mellorar a trazabilidade dos contactos.

Os recunchos de xogo son:

- Recuncho do ordenador ou dixital
- Recuncho das palabras
- Recuncho matemático
- Recuncho artístico
- Recuncho da casa ou xogo simbólico
- Recuncho das construcións
- Recuncho da natureza/ investigación
- Mesa de luz

Os recunchos de xogo establecidos poderán modificarse no transcurso do curso seguindo os intereses e motivacións dos nenos/as.

ORGANIZACIÓN TEMPORAL

A organización temporal que se establece está pensada para que se respecten os ritmos de actividade, xogo e descanso que os nenos/as necesitan. Está suxeita a todos os cambios que se consideren oportunos, xa que os horarios na educación infantil deben ser flexibles. En xeral o esquema dunha xornada tipo sería o seguinte:

- ✓ Entrada e actividades rutinarias: traballamos no obxectivo de que o neno/a se sinta seguro e querido cando chega a aula. É un momento de encontro cos compañeiros/as e a mestra, que debe servir para fomentar a comunicación. Así comezamos a xornada con música, tratando de activar tanto o corpo como a mente do alumnado. A continuación establécense as rutinas diarias, que favorecen a seguridade, a confianza e a autonomía.
- ✓ Asemblea diaria: momento no que prima a expresión oral, sentarémonos no chan de maneira que todos nos poidamos ver, é moi útil para facerlles sentir os/as nenos/as que forman parte dun grupo. É un tempo dedicado a comunicación, o intercambio oral e a escoita. A mestra debe conducir a asemblea posibilitando que tódolos/as nenos/as participen na mesma. Será o momento de comprobar quen viu o colexio e quen non, ver o tempo e marcar o día, organizar as tarefas que se van levar a cabo, rexistrarnos no nos emociómetro, charlar sobre algunha novidade que xurdira...e para introducir a metodoloxía ABN.
- ✓ Recunchos de traballo: durante este tempo centrarémonos en realizar as actividades do proxecto correspondente ou outras actividades.
- ✓ Merenda e recreo: A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos establece en espazos diferenciados. A merenda é un bo momento para traballar a educación para a saúde, subliñando a importancia da alimentación e potenciando a autonomía. Establecemos un calendario de merendas que intentaremos que as familias respecten, tal e como mostramos no apartado "Educación en valores".

A continuación procederase ó recreo que terá lugar nun espazo propio é de 30 minutos, atendendo a Orde do 25 de Xuño do 2009.

- ✓ Hora de ler: onde o alumnado participa activamente na escoita dunha lectura dun conto, da súa visualización a través da PDI, ou de lectura individual libre, en xeral, de actividades vinculadas á *promover o gusto pola lectura dende a etapa infantil*. Este tempo tamén servirá como volta á calma, descanso e relaxación.

Nunha destas sesións, será a mestra especialista en Audición e Linguaxe a que desenvolva este momento, levando a cabo o programa de estimulación da linguaxe nesta etapa.

- ✓ Actividades variadas: como o seu propio nome indica, poderemos realizar calquera actividade, relacionada co conto, realizar algún taller, actividades de psicomotricidade, cancións...
- ✓ Recunchos de xogo: momento para xogar dentro da aula nos recunchos establecidos. O alumnado rexístrase libremente nun dos recunchos da aula respectando a limitación de alumnado establecido pola mestra: entre 2 e 4 nenos/as dependendo do recuncho, non poden cambiar de recuncho no que restat de xornada e non poden repetir recuncho durante a semana.
- ✓ Tempo de ocio e xogo dirixido: dependendo das necesidades dos alumnos/as poderemos establecer actividades de xogo ao aire libre.
- ✓ Momento da saída

Ademais dos momentos de rutinas diarias nunha xornada, teremos outros momentos onde se desenvolven as especialidades, tales como:

- ✓ A lingua extranxeira (inglés) corre a cargo da profesora especialista e será dunha hora semanal, con actividades lúdicas.
- ✓ Relixión: cunha duración dunha sesión semanal a cargo da especialista do centro.
- ✓ Dentro deste horario tamén se contempla a atención educativa axeitada para o alumnado que non opte á ensinanza de relixión (*Orde do 4 de outubro de 1995*), cunha duración dunha sesión semanal, levado a cabo

pola mestra de apoio ao ciclo, facendo propostas de educación emocional a través de contos, cancións, dinámicas... e tamén contemplando determinados aspectos da vida social e cultural, promovendo un clima de cooperación, solidariedade e tolerancia.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

- Reunión coas familias: no mes de xuño donde se lles explicará o proceso e se lle entregarán a seguinte documentación: libro benvida para o alumnado (imaxes dos espazos do centro, rutinas da aula...) e plan de acollida para as familias (importancia do periodo de adaptación, directrices a ter en conta, material de aula,...)
- Entrevista individual: en setembro realizárase unha entrevista individual coas familias e o alumnado.
- Incorporación progresiva do alumnado: realizárase en pequenos grupos (tendo en conta o calendario escolar e o número de nenos/as):
 - Cando a situación o permita as familias poderán acompañar nos primeiros días os/as alumnos/as na aula.
 - Entrarán pola porta principal do centro.
 - Durante a duración do mesmo non poderán usar a aula madrugá, transporte ou comedor escolar.

CRITERIOS DE AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

A elaboración dos grupos en e. Infantil atenderá sempre que sexa posible aos seguintes criterios:

1. Paridad de sexos
2. Separación de irmáns xemelgos e mellizos (co visto e prace da familia).
3. Distribución segundo os meses de nacemento, de xeito que os de finais de ano queden repartidos proporcionalmente entre as aulas que haxa.
4. Nos casos en que sexa posible terase en conta a opción relixión/valores.
- 5.

METODOLOXÍA

O método de traballo debe ser motivador, o xogo ten gran importancia, ademais de favorecer o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos e a integración no grupo.

A afectividade será o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe, e que na clase creárase un ambiente no que os nen@s se sintan seguros e poidan construír os seus propios coñecementos e aprendizaxes significativos. A metodoloxía do centro componse de diversas prácticas, coma pode ser:

*Proxectos: os nenos aprenderán a facerse interrogantes e a buscar respostas promovendo o diálogo e o intercambio de opinións. Tonucci dicía que *“Cada momento educativo se debería comezar escoitando ós alumnos”*, e neste principio nos baseamos. Son os pequenos os que deciden cales son os seus intereses, e investigamos sobre eles, e apoiámonos en autores coma Dewey, Kilpatrick, Azucena Arias... Os proxectos teñen unhas fases, segundo Beatriz Trueba (“A orella verde da escola”) que dependen das características, emocións que provoque...que son: 1. Elección do tema; 2. ¿Qué sabemos e que queremos saber?; 3. Comunicación das ideas previas e contraste entre elas; 4. Procura de fontes de documentación; 5. Organización do traballo; 6. Realización de actividades; 7. Elaboración dun dossier; e 8. Avaliación do realizado. Hoxe en día búscase a elaboración dun produto final con repercusión social consensuado entre todos.

Tódolos nosos proxectos seguirán este modelo e esta metodoloxía, destacando así o aprender a aprender, coma outro dos principios fundamentais da nosa educación.

*Intelixencias múltiples: Howard Gardner plantexou a concepción de que a intelixencia dun ser non se pode medir soamente nun parámetro, senón que temos 8 tipos de intelixencias: lingüística, lóxico-matemática, espacial, musical, corporal-cinestésica, naturalista, intrapersoal e interpersoal; e que convén dar posibilidade de desenvolvemento a todas elas xa que cada un destaca nunha

diferente e a diferente grado. Baseándonos nesta teoría tratamos de organizar as nosas actividades en torno ás 8 intelixencias logrando así un desenvolvemento integral e completo nos nenos. Propóñense así actividades para a *intelixencia lingüística* coma a lectura e invención de contos e historias; a interpretación de planos para a *intelixencia viso-espacial*... así coma actividades relacionadas coa relaxación, que melloran a nosa *intelixencia intrapersonal* ó ter que relaxar o propio corpo, pero tamén axudar ó compañeiro a través dun masaxe; ou á *interpersonal* a través do traballo cooperativo habitual do aula.

*Globalización e actividade: A actividade é fundamental porque ó converter ós nenxs nos creadores do seu aprendizaxe será máis doado que sexan significativos e perduren no tempo. O mesmo pasa coa globalización; canto máis enlazados estean os novos coñecementos máis efectivos serán. Por iso tratamos que tódolos aprendizaxes partan das súas preguntas, dos seus intereses e da entorna que nos rodea; que o fin e o cabo é o que provoca a necesidade de saber.

*Obradoiros: levaremos a cabo diferentes obradoiros según vaian xurdindo diferentes necesidades e intereses, como poden ser obradoiros de cociña, de luces e sombras...

*Matemáticas manipulativas: que se trata de realizar as tarefas en función das destrezas cognitivas e manipulativas tratando que o neno entenda o número e as súas combinacións. Levamos a cabo o MÉTODO ABN. O método do algoritmo ABN é un método de cálculo, as súas iniciais significan algoritmo aberto baseado en números.

*Lecto-escritura: un dos obxectivos xerais da nosa etapa indica a importancia de iniciar e aproximar ao alumnado a estas habilidades. Para iso débese ter en conta o desenvolvemento e ritmo de cada un, dende un modelo principalmente constructivista que considera a lectura e escritura procesos relacionados, que teñen que abordarse de maneira global. Para levar a cabo esta metodoloxía

partiremos das etapas de E. Ferreiro e A. Teberosky, para ir administrándolles as pautas necesarias individualmente.

CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias establecidas no Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de E.I. son o referente que guiará a nosa práctica educativa e condicionará o tratamento das áreas.

Para a súa adquisición, é necesario mobilizar variedade de coñecementos e recursos para resolver tarefas variadas e reais. Así, dende as aulas, contribuiremos a súa adquisición a través de diferentes tarefas, actividades e experiencias que inciten aos nosos alumnos/as a mobilizar o seus coñecementos e habilidades. Estas competencias son:

- Competencia en comunicación lingüística

Dende o traballo coa linguaxe verbal, apoiado noutras linguaxes, trataranse tódalas habilidades lingüísticas, favorecendo as capacidades de relación cos demais. A denominación e descrición de obxectos, de elementos da natureza, a narración de vivencias persoais, familiares, sociais, a expresión de sentimentos...resultan vitais para cooperar na potenciación da linguaxe.

- Competencia en matemática

Verase favorecida a partir da manipulación de obxectos, da identificación de atributos e cualidades, do establecemento de relacións de clasificación e orde, do emprego de cuantificadores básicos (cantidade, tamaño, espacio, tempo), así como a representación e percepción do espacio.

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

O traballo por proxectos permitirá ao neno/a relacionarse co mundo que lle rodea. En situacións de xogo e a través da manipulación e observación de obxectos, da interacción coas persoas, da exploración do espacio e do tempo ..o

nenos/as irá coñecendo os compoñentes básicos do medio natural e as transformacións que nel se van producindo.

Todo isto como medio para conseguir a valoración e aprecio de todo o que lle rodea desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e responsabilidade na súa conservación.

- Tratamento da información e competencia dixital

O ordenador, a pizarra dixital, así como o resto de medios audiovisuais son ferramentas que se empregarán na vida cotiá da aula tendo en conta o atractivas e interesantes que resultan para os nenos/as. Isto permite que as aprendizaxes sexan motivadoras e atractivas e polo tanto significativas para eles. As novas tecnoloxías son unha vía para expresar o que o neno/a sabe e sinte en diferentes linguaxes e soportes.

- Competencia social e cidadá

A través do traballo e interacción continua cos nenos/as conseguirase a adquisición dunha serie de destrezas que lles permitirá relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conducta a elas.

- Competencia cultural e artística.

O traballo que se leva a cabo na aula por proxectos permite aos nenos/as aproximarse ás manifestacións culturais que lles rodean; festas, costumes, gastronomía, pautas de vida e valoración da diversidade existente como sinal da identidade.

- Competencia para aprender a aprender

Estreitamente vinculada ás anteriores, esta competencia vese impulsada gracias ás experiencias directas que o neno/a ten sobre todo aquilo que lle rodea. Isto lles permitirá manipular, explorar, experimentar, descubrir...e dicir, aprender

de forma autónoma, o que conlevará que os aprendizaxes que adquira sexan totalmente significativos para o neno/a.

- Autonomía e iniciativa persoal

Unha das finalidades que ten traballar por proxectos é que estes céntranse nos propios intereses dos nenos/as. Cando algo parte do interés propio faise moito máis motivante o que conleva unha iniciativa persoal hacia a adquisición dos aprendizaxes, así como autonomía propia para descubrir o que queren aprender.

MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais son unha fonte inagotable para que os alumnos/as manipulen, exploren e experimenten. O importante respecto os materiais non é a cantidade, senón saber sacar partido deles. Entendemos por materiais todos aqueles obxectos, instrumentos,... cos que os nenos/as poden relacionarse no seu entorno escolar, independentemente de que foran elaborados ou non con fins educativos. En xeral, moitos dos materiais que empregaremos estarán relacionados de forma directa co proxecto a desenvolver.

Podemos clasificar os materiais atendendo á súa procedencia:

Material de aula e centro: Referímonos a todo o material didáctico que existe no centro, que se pode considerar como satisfactorio para as diferentes áreas do currículo, e tamén para potenciar a investigación, a creatividade, a autonomía e o desenvolvemento de aqueles aspectos que se engloban dentro dos contidos transversais. Moitos destes materiais úsanse conxuntamente por todas as aulas de infantil, outros intercámbianse de forma oportuna e a maioría está adxudicado a cada aula.

Material traído de casa: Este material é o que nos proporcionan as propias familias, adoita ser material de refugallo (cartóns, botes, tubos...), o cal pódenos proporcionar innumerables oportunidades de actividade.

do entorno e de propia elaboración: Sería todo o material recollido do entorno natural nas saídas realizadas e aquel que elaboran os nenos/ Material recollido as e os profesores (os murais, bonecos, libros, puzzles,...)

8. EDUCACIÓN PRIMARIA

DECISIONS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

De acordo co establecido no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- a. A metodoloxía deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.
- b. Poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- c. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- d. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.
- e. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

- f. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.
- g. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
- h. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- i. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de tódalas linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

No referente á contribución á consecución das competencias clave:

- 1) Dado que nunha mesma actividade poden ser tratados á vez, contidos de bloques distintos e, mesmo, de materias diferentes, permitiralle ao profesorado determinar a conveniencia de avaliar a totalidade ou só unha parte das competencias clave relacionadas con cada estándar de aprendizaxe.
- 2) Este feito deberá quedar reflectido en cada unha das programacións didácticas de cada nivel, indicando para cada estándar a competencia ou competencias que se avaliarán, de xeito que exista un tratamento equilibrado das mesmas
- 3) Para a avaliación competencial do alumnado teremos en conta o número de estándares de cada curso e de cada área que fan referencia a una competencia determinada. Deste xeito establecemos o peso en % de cada

materia para cada competencia segundo o establecido no DECRETO 105/2014, do 4 de setembro.

- 4) Finalmente establecerase a fórmula que integre a nota da materia multiplicada pola porcentaxe que aporta a cada competencia, de xeito que introducindo a cualificación numérica de cada materia obteremos a correspondente a cada competencia.

METODOLOXÍA ESPECÍFICA PARA A APRENDIZAXE DAS MATEMÁTICAS

O centro adoita a decisión de utilizar o Método ABN para a aprendizaxe das matemáticas na etapa de E. Primaria.

O método do algoritmo ABN é un método de cálculo cuxas iniciais significan algoritmo Aberto Baseado en Números. Trátase dunha proposta didáctica para traballar os contidos matemáticos referidos ao número e á súas operacións seguindo o procedemento natural do cerebro para o procesamento dos mesmos. Este método trata de que o alumnado calcule, sin aprenderse de memoria os algoritmos para resolver operación, estimula o desenvolvemento do cálculo mental e da estimación e traballa as matemáticas dende a manipulación e a experimentación para que sexan máis fáciles de comprender e máis atractivas. Os principios nos que se basa son os seguintes:

- O alumnado aprende de forma máis rápida e eficaz.
- Desenvolla o sentido do cálculo mental e da estimación.
- O alumnado avanza na resolución de operacións en canto á súa capacidade e ritmo de aprendizaxe.
- Mellora a capacidade de resolución de problemas.
- As matemáticas fanse máis atractivas, aumentando o nivel de motivación do alumnado fronte a esta materia.

O método ABN centrase no establecemento da numerosidade e da cardinalidade dos diferentes conxuntos, a estrutura do número e as

comparacións entre conxuntos e coleccións e las transformacións nos mesmos, xunto coa iniciación ás primeiras operacións básicas.

METODOLOXÍA TEACCH

As siglas **TEACCH** significan en "**Tratamiento e Educación de Nenos con Autismo e Problemas Asociados de Comunicación**".

A Metodoloxía Teacch, foi creada polo Doctor Eric Schopler nos anos '70 destinada a persoas con TEA (autismo en calquera das súas variedades). O obxectivo primordial que se marcou Schopler era previr a institucionalización innecesaria daquela época en centros asistenciais, para elo ensinaba aos nenos-as con TEA a vivir e traballar na escola, na casa e na sociedade dun xeito efectivo.

O pilar fundamental é un ENSINO ESTRUCTURADO, cando falamos de ensino estruturado falamos dende tódolos prismas, en tódolos ámbitos, é dicir, adaptar o tempo, o espazo e o sistema de traballo.

Adaptamos:

- o tempo: organizar tarefas curtas.
- o espazo: organizar a aula, estruturar o espazo por zonas ou rincóns.
- o sistema de traballo: adaptar material, organizalo por niveis e áreas de traballo.

Segundo os expertos, o obxectivo principal da metodoloxía Teacch é maximizar a adaptación de materiais e estruturar o entorno para mellorar as habilidades e destrezas funcionais do alumnado que o usa. O principio básico é un ensino estruturado con estimulación visual no ambiente.

É importante estruturar visualmente o espazo físico con apoios visuais, organizando zonas de traballo (aulas con rincóns, zonas ou áreas de... informática, lectura, xogo, autonomía persoal...); as tarefas, usando la axenda

visual ou o horario individual para anticipar que se vai facer en cada momento e onde, así evitamos niveis de ansiedade e frustración.

O sistema de traballo debe ser rutinario pero flexible, así fomentamos a autonomía para elo hai que entrenalos con diversas estratexias; as tarefas teñen que levar un contido visual a modo de información, unha estrutura simple e organizada que co devandito apoio visual ol alumno poida realizar a actividade sin maiores explicacións ademáis de saber cando empeza e remata unha actividade.

SAAC

Como centro educativo e na búsqueda dunha inclusión real, potenciamos as competencias comunicativas lingüísticas do noso alumnado adaptándonos as necesidades concretas de xeito individual. Para logralo, empregamos SAAC, sistemas, que en algúns casos funcionan de xeito alternativo (Bimodal, LSE, Grid 3, SPC para alumnado TEA, TEL) e noutros casos de xeito aumentativo (TDL). A maiores, a nivel de centro traballamos na aproximación e coñecemento destes sistemas por parte do alumnado e profesorado coa finalidade de crear e favorecer intercambios comunicativos, entendendo que sen interlocutores o proceso non ten lugar.

DEDICACIÓN DAS HORAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

No 4º nivel a hora de libre configuración adicarase a Matemáticas.

No 6º nivel a hora de libre configuración adicarase a Ciencias da Natureza.

TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

De acordo co establecido no artigo 11 do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Resolución pacífica de conflitos

O noso Plan de Convivencia Escolar, trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, así como as normas que a regularán, e as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo; pero sobre todo este Plan desenvolve a nosa ideoloxía restaurativa, primando a prevención dos conflitos e o seu tratamento como alternativa ás diferentes medidas punitivas posteriores ó dano causado.

No mesmo recóllense actividades concretas para traballar a convivencia positiva na aula, para a integración e participación do alumnado e outras específicas para o patio de recreo.

Precisamente unha das grandes apostas na mellora da convivencia do centro é o proxecto de redeseño de ambientes lúdicos e patios inclusivos: "O patio que soñamos". Organízase en torno a tres eixes fundamentais:

- ★ O patio que soñamos, propiamente.
- ★ Os Patios Colectivos.

★ O Club de Convivencia

Asimesmo recóllense actividades tendentes a favorecer a relación de familia e centro e actividades para a sensibilización fronte ó acoso e intimidación entre iguais cunha aposta clara pola Mediación entre iguais.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres/Sexismo/ Prevención da violencia de xénero

Tamén os plans de convivencia e igualdade recollen actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de calquera outro tipo coma **patios colectivos coeducativos** invitando a o noso alumnado a traer por un día xoguetes que rachen cos estereotipos de xénero. Deste xeito, damos a oportunidade a moita rapazada de sentirse libre de xogar en público con aquilo que noutro momento non se atrevería a traer a súa escola. Igualmente o alumnado aprende que calquera é quen para xogar con calquera xoguete con independencia do seu sexo ou xénero.

Dende o equipo de Biblioteca e en colaboración co resto de equipos de centro e con motivo da Conmemoración do Día Internacional da muller traballadora, 8 de marzo, ofrécense unha serie de **talleres** para concienciar sobre a igualdade de xéneros e tamén a importancia e relevancia da figura da muller en todas as facetas da vida social e cultural.

A nosa escola é un lugar onde traballamos para que as crianzas poidan ser elas mesmas dende que entran ata que saen, e a ser posible no resto da súa vida tamén. Por iso traballamos a diversidade de expresión de xénero e de identidade de xénero a través de **obradoiros** con asociacións exteriores ao centro coma *Chrysallis* e de lecturas grupais de contos sobre infancia trans coma "Uxía non é Uxía, senón Uxío".

Tal e como se establece na **Orde anual do calendario escolar**, e con atención tamén ao establecido no **artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e in-tersexuais en Galicia, para favorecer a**

visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual na escola; realizaremos actividades específicas próximas aos seguintes días relacionados coa igualdade de xénero e o respecto ao colectivo LGBTI:

25 de novembro, Día Internacional da Non Violencia conta a Muller: realizaranse actividades baixo o lema “Quéreme Ben” para visibilizar a problemática social da violencia machista.

8 de marzo, Día Internacional da muller: levaranse a cabo os talleres pola igualdade de xénero (máis ampliado no punto 5.2.3, páx. 17).

31 de marzo, Día Internacional da visibilidade trans: realizaranse actividades relacionadas coa transexualidade infantil, as nenas e nenos transxénero e a sensibilización e non discriminación do alumnado destas características.

En datas próximas ao **28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGBTIQ+:** realizaremos actividades informativas ou conmemorativas que aporten visibilidade ao colectivo.

Desenvolvemento sostible e o medio ambiente

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Dende o centro planifícanse actividades relacionadas coa concienciación para o coidado do medio ambiente como:

- Reciclaxe (papel-pilas-envases) en cada aula e nos espazos do centro
- Repoboación forestal
- Coidado das plantas do centro e horta escolar
- Talleres con sociedades protectoras de animais do entorno.
- Charlas sobre o monte.

Espírito emprendedor

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor. O centro ten solicitado a participación en actividades de cooperativismo ofertadas por diferentes organismos coma a Deputación Provincial para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación e seguridade viaria

Dende o centro planifícanse actividades relacionadas coa educación e seguridade viaria co apoio da DXT e Fundación Óscar Pereiro na que se propoñen circuitos para que o alumnado os realice coas bicicletas no propio centro.

PLAN TRANSICIÓN INFANTIL-PRIMARIA

Aínda que a educación infantil constitúe unha etapa educativa cos seus propios obxectivos, en que se debe coidar a transición entre os ciclos, non se pode esquecer que se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria. Isto exige a coordinación entre ambas as etapas. Coordinación que en ningún caso se entenderá como supeditación dunha etapa a outra, senón como un instrumento que asegure a coherencia dos procesos educativos iniciados”.

Ademáis, a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, explicita no seu artigo 10º- Coordinación entre ciclos e con educación primaria, o seguinte:

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá mecanismos que favorezan a coordinación das propostas pedagóxicas dos centros que impartan o segundo ciclo de educación infantil con aqueles que impartan o primeiro ciclo da etapa, co obxectivo de garantir a continuidade do proceso educativo do alumnado.

2. Os centros con unidades de educación infantil establecerán mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado que imparte no primeiro ciclo da educación primaria.

Esta orde, tamén fai referencia no referente á avaliación que “ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil, a titora ou o titor recollerá os datos mais relevantes dos informes de cada curso nun informe individualizado de cada alumnx, o cal será posto á disposición da persoa titora na nova etapa e servirá de orientación para a avaliación inicial”.

Polo tanto, tendo en conta estes aspectos recollidos na lexislación vixente será importante establecer no centro un plan de transición entre ambas etapas, de modo que esta teña elementos de continuidade xunto cos necesarios elementos de cambio e diferenciación.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

- AMBIENTE DE APRENDIZAXE

Velar por crear un ambiente onde prime a valoración positiva, evitando estigmatizar ou ridiculizar. É importante que expresen as súas opinións e sentimentos libremente e ser respectados/as e aceptados/as nas súas diferenzas.

Hai que ofrecer situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.

A distribución horaria organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respectar os ritmos de actividades, xogo e descanso do alumnado. Combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas.

Os material empregado e complementario á tarefa, debe ser variado, polivalente, estimulante e lúdico, que permita a manipulación, observación e construción. Alguns exemplos deste material pode ser:

- Xogos de mesa, memories, dominós, dados xigantes, policubos, quebracabezas a partir de 100 pezas, números magnéticos...
- Robot, Legos, Tangram, xogo de engranaxe, material grapat, material de construción, bóla do mundo...
- Letras móbiles, sellos, pizarras brancas, contos, revistas, xornais, material traslúcido, mesa de luz, masa para modelar...

O emprego do libro de texto será en todo caso un recurso de apoio e non será o eixe sobre o que xire toda a actividade na aula.

- PERSPECTIVA DIDÁCTICA
 - ENFOQUE EMOCIONAL

O paso de infantil a primaria é un momento de cambio, que lles pode afectar a nivel emocional. Será importante ter isto en conta xa que un nenx necesita estar ben emocionalmente, para que o seu rendemento académico sexa o axeitado.

Dende a etapa infantil están acostumados a expresar as súas emocións de diversas maneiras ao longo da xornada: na asemblea, a través dun emociónometro,...etc. polo que sería convinte continuar con estas estratexias e facilitar momentos de diálogo dunha forma rutinaria.

○ ENFOQUE LECTOESCRITOR

Na etapa de educación infantil os nenxs iníciáanse no mundo das letras partindo dunha metodoloxía constructivista. Téñense en conta os seus intereses e motivacións conseguindo deste xeito que este proceso sexa significativo para o alumnx.

Para asegurar unha axeitada continuidade no proceso lectoescritor é necesario seguir traballando con dita metodoloxía tendo en conta os seguintes criterios:

- Continuidade da escritura en letras maiúsculas (son as letras que coñecen e coas que están familiarizados).
- Respeitar o ritmo madurativo de cada nenx tendo en conta a fase de lectoescritura na que se atopa (presilábica, silábica, silábica-alfabética ou alfabética).
- Non se iniciará ao alumnx na letra minúscula de forma escrita ata que adquira a fase alfabética e a teña afianzada.

○ ENFOQUE LÓXICO-MATEMÁTICO

En Educación Infantil o inicio nos conceptos lóxico-matemáticos introdúcese a través da metodoloxía ABN traballando estes conceptos de forma manipulativa e lúdica. Para asegurar dita continuidade en Educación Primaria e facilitar o progreso dxs alumnxs será necesario continuar con dita metodoloxía.

• AGRUPAMENTOS

As distintas teorías de organización educativa entenden que a estruturación espacial e organizativa da aula é un factor crave nos procesos de aprendizaxe. O obxectivo é promover prácticas educativas que favorezan a inclusión escolar, o traballo cooperativo e o

desenvolvemento das intelixencias múltiples (Gardner, 1983) e emocional (Goleman, 1996). Para iso consideramos fundamental favorecer diferentes tipos de agrupamentos no desenvolvemento diario de actividades na aula.

O alumnado ven de levar a cabo nas aulas de Infantil unha organización espacial e temporal que atende a momentos de actividades en gran grupo, pequeno grupo, parellas e individual polo que deberase contribuír na medida do posible a manter ditas interaccións en Primaria e así seguir favorecendo as prácticas educativas mencionadas anteriormente.

CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

As concrecións curriculares de cada área aparecen na programación didáctica de cada nivel a partir do establecido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014) e no Currículo de Educación Infantil. Decreto 330/2009 polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galiza. (DOG 23/06/2009).

ESTRUCTURA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

As programación didácticas correspondentes a cada nivel serán elaboradas de acordo co seguinte guión:

1. Introducción e contextualización
2. Obxectivos de etapa
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave
4. Relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

5. Aprendizaxes imprescindibles para adquisición das competencias clave
6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable da temporalización e grao mínimo de consecución para superar a materia.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación
8. Concrecións metodolóxicas da materia
9. Materiais e recursos didácticos
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente
12. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados
13. Medidas de atención á diversidade
14. Actividades complementarias e extracolexivas
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da PDA

EDUCACIÓN DIXITAL

A estratexia dixital do centro recóllese no PLAN TIC, que ao longo deste curso será renovado polo PLAN DIXITAL.

9. PLAN DE MELLORA

Propoñemos a seguinte estrutura PARA o PLAN DE MELLORA:

Responsable da revisión: comisión pedagóxica

Período de revisión: 2º/3º trimestres do curso.

OBXECTIVOS:

Mellorar os resultados académicos do noso alumnado.

Redefinir liñas metodolóxicas aplicadas polo profesorado.

Mellorar os procedementos de coordinación coas familias e co entorno.

Revisar o Proxecto educativo adaptándoo ás novas necesidades.

ACTUACIÓNS:

1. Análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro:

- Actas avaliación- Resultados académicos.
- Memorias finais dos órganos de coordinación docente.
- Resultados de enquisas propias.
- Valoracións das programación didácticas.
- Memorias dos programas educativos nos que participamos(CONTRATOS PROGRAMA-SECCIÓNS BILINGÜES-...)

2. Plantexamento de estratexias e actuacións

3. Inclusión na PXA coma obxectivo do curso.

4. Articulación das medidas para a posta en marcha das mesmas.

5. Revisión e actualización do PE.

10.AVALIACIÓN

Avaliación de Educación Infantil (2º Ciclo): Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza. (DOG 10/07/2009)

Avaliación de educación primaria:

ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galiza

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

O DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu Artigo 13. Promoción:

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O centro establece coma criterio xeral que permanecerá un ano máis no nivel correspondente:

- O alumnado que teña suspensas tres ou máis materias .
- O alumnado que teña suspensas matemáticas e unha das dúas linguas galega ou castelá.

En todo caso non procederá a repetición naqueles casos no que o Equipo Docente considere que a repetición pode resultar perxudicial para o alumno/a.

CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS

De acordo co aprobado pola Comisión de coordinación pedagóxica procederá outorgar as mencións honoríficas ao alumnado de 6º nivel cando concurren as seguintes circunstancias:

1º. Que o alumnado obteña a cualificación de sobresaliente en todas e cada unha das materias.

2º Que a media aritmética das cualificacións numéricas das materias sexa igual ou superior a 9.5.

PLANS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

A súa elaboración e estrutura será a establecida no Anexo I do Plan de Acción Titorial.

En todo caso establecerá, entre uotras, as medidas a desenvolver co alumnado e familia:

- Buscar o compromiso dos pais para que o alumno conte durante o curso cunha persoa que lle poda axudar.
- Reforzo por parte do titor e o profesor con dispoñibilidade horaria.
- Ofreceráselles ás familias a posibilidade de que o alumno asista a clases de apoio dende o inicio do curso.
- Manter entrevistas periódicas entre o titor e as familias, coa posibilidade de que poda asistir algún membro do Departamento de Orientación para analizar os avances e dificultades do alumno.
- Dende as titorías facer un esforzo especial para ter un seguemento exhaustivo e constante dende o inicio do curso: información a pais, coordinación cos profesores de apoio...
- Nomear a un responsable que poda confirmar periódicamente que o alumno anota os traballos na axenda en caso de ser necesario.
- Estructurar formalmente a primeira (e sucesivas) entrevistas entre o profesorado e a familia explicando a evolución do alumno.
- Valoración do DO, pendente da evolución en función dos criterios do titor.

11. PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROGRAMAS EDUCATIVOS

PLAMBE

O PLAMBE é un programa iniciado en 2005 que está a impulsar a transformación das bibliotecas escolares en centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe. Pero máis aló dos recursos, as bibliotecas son un instrumento esencial para a innovación educativa na medida en que propician e lideran a utilización de metodoloxías activas, a integracións das TIC en contextos reais de aprendizaxe e o traballo por proxectos.

O centro adheriuse ao programa no curso 2006/07 e ven de solicitar a continuidade no mesmo para o vindeiro curso 2021/22.

O Plan de mellora de bibliotecas escolares facilita recursos, formación e obxectivos comúns a un profesorado interesado en facer da súa biblioteca un espazo de aprendizaxe, en liña coas esixencias da normativa educativa vixente

SECCIÓNS BILINGÜES

O centro adheriuse ao programa no curso 2011/12. Este curso 2021/22 será o undécimo ano no que se veñen impartindo as sección bilingües nos dous primeiros cursos de Primaria do centro na materia de Ed. Plástica.

Con este proxecto, non só pretendemos que o alumnado desenvolve a súa capacidade artística, senón que tamén mellore as aptitudes na lingua estranxeira.

Seguindo o método comunicativo, o uso da lingua estranxeira como unha ferramenta para impartir contidos non lingüísticos é un método moi axeitado de adquirir non so os obxectivos da área ensinada, senón tamén dos do inglés.

Durante o presente curso o centro verase reforzado coa presenza dunha auxiliar de conversa entre os meses de outubro a xaneiro, compartida co CEIP Pena de Francia.

CONTRATOS-PROGRAMA

RECUPÉRA-T:

No presente curso 2021/22 o centro participa nos Contratos –Programa RECUPÉRA-T a través de dúas actuacións: ARCO e PROA+.

Consideramos dous aspectos principais que xustifican esta actuación:

1º Posibilitar a diminución das desigualdades e desvantaxes debidas ás situacións socioeconómicas e familiares, tratando de evitar hábitos escolares non axeitados e ofrecendo ao alumnado mecanismos que reforzen a confianza nas súas propias posibilidades e que melloren a súa motivación .

2º Mellorar as competencias lingüística e matemática e os hábitos de organización e traballo persoal do alumnado.

3º. O centro xa desenvolveu no curso 2020-21 o programa ARCO e obtivo fantásticos resultados entre o alumnado ao que ía dirixido, polo que o consideramos primordial para a consecución do éxito educativo do noso alumnado máis vulnerable

ARCO (2021/22)

Destinado a alumnado de 4º e 5º cursos de E.Primaria

- Obxectivos a acadar co programa ARCO

1. Potenciar actitudes e valores persoais que favorezan unha educación integral baseada na responsabilidade, confianza e autoestima.

2. Desenvolver actitudes de esforzo e implicación no traballo escolar a partir da adquisición de hábitos de estudo e rutinas de traballo e organización.

3. Mellorar o rendemento escolar do alumnado con dificultades nas áreas instrumentais: lectura, escritura, resolución de problemas e cálculo.

4. Compensar as desigualdades xurdidas pola situación de pandemia do noso alumnado máis vulnerable axudando especialmente no seu benestar socioemocional.

5. Estreitar os lazos de comunicación coas familias, aumentando a implicación das mesmas no seguemento da marcha escolar dos seus fillos e fillas.

6. Potenciar a innovación educativa e a mellora escolar, incorporando tódolos aspectos positivos do programa á práctica docente ordinaria.

- Medidas a desenvolver:

1. Emprego de técnicas de estudo para un mellor aproveitamento do tempo e mellora do rendemento.

2. Desenvolver accións que reforzen a confianza do alumnado nas propias posibilidades.

3. Realización de actividades específicas para mellorar a atención, o vocabulario e a comprensión e expresión orais e escritas.

4. Realización de actividades cálculo e resolución de problemas mediante o método ABN.
5. Reforzar o acceso e emprego de ferramentas TIC do alumnado con menos recursos .

PROA+ (2021/22)

Destinado a alumnado de 6º cursos de E.Primaria

- Obxectivos a acadar co programa

1. Potenciar actitudes e valores persoais que favorezan unha educación integral baseada na responsabilidade, confianza e autoestima.
2. Desenvolver actitudes de esforzo e implicación no traballo escolar a partir da adquisición de hábitos de estudo e rutinas de traballo e Organización.
3. Mellorar o rendemento escolar do alumnado con dificultades nas áreas instrumentais: lectura, escritura, resolución de problemas e cálculo, consolidando aprendizaxes e competencias básicas .
4. Compensar as desigualdades xurdidas pola situación de pandemia do noso alumnado máis vulnerable .
5. Respostar de xeito integral ás novas necesidades educativas Sobrevidas, tratando de minorar o impacto da situación covid na Educación e no benestar socioemocional do alumnado , das familias e do profesorado .
6. Estreitar os lazos de comunicación coas familias, aumentando a implicación das mesmas no seguemento da marcha escolar dos seus fillos e fillas.
7. Potenciar a innovación educativa e a mellora escolar, incorporando tódolos aspectos positivos do programa á práctica docente ordinaria.

- Medidas a desenvolver:

1. Emprego de técnicas de estudo para un mellor aproveitamento do tempo e mellora do rendemento.
2. Desenvolver accións que reforzen a confianza do alumnado nas propias posibilidades.
3. Realización de actividades específicas para mellorar a atención, o vocabulario e a comprensión e expresión orais e escritas.
4. Realización de actividades cálculo e resolución de problemas mediante o método ABN.
5. Reforzar o acceso e emprego de ferramentas TIC do alumnado con menos recursos .

IGUÁLA-T:

Continuando co traballo desenvolvido en cursos anteriores e mostrando un interese palpable na consecución dos obxectivos fixados no noso Plan de Igualdade; queremos aumentar a carga coeducativa este ano a través de medidas como:

- o Patios Colectivos Coeducativos, estilo de patios inclusivos con perspectiva de xénero.
- o Proxecto Quéreme ben, de visibilización do bo trato hacia a muller e a nena.
- o Club de lectura feminista.
- o Proxecto "Conectadas", de prevención do bullying e do bullying de xénero.
- o Accións para a concienciación do mercado con perspectiva de xénero na nosa comunidade educativa (xoguetes, disfraces, deportes, etc.)

CONVIVE-T:

Tamén, en consoancia co establecido no noso Plan de Convivencia e nas NOF, continuaremos co traballo da promoción dun clima positivo de centro e de aula, insistindo en habilidades coma a escoita activa, as relacións sociais sas e equitativas, o diálogo, etc. Adherímonos a este Contrato Programa a través de actividades e proxectos coma:

o Patios Colectivos, O patio que soñaMOS, patios residuo cero. Dinámicas para fomentar un uso do patio equitativo, inclusivo e sostible.

o Club de Convivencia. Proxecto para garantir a participación do alumnado na toma de decisións da vida escolar e facilitar ideas para a mellora da convivencia.

o Certame de curtametraxes pola diversidade, Nadal diverso. Certame que visibiliza a diversidade de diferentes tipos nas datas de Nadal.

o Xornadas de Convivencia coas familias, Escola de familias EducANDO 2.0, etc.

INCLUÉ-T:

Observamos a necesidade de promover a igualdade de dereitos e oportunidades e a inclusión educativa a través do Deseño Universal de Aprendizaxe que garanta a presenza, participación e aprendizaxe principalmente do alumnado con NEAE presente no noso centro nas actividades que nel se desenvolvan. Todos, en certas situacións, necesitamos apoios para a comprensión (cando chegamos a un país novo e descoñecemos o seu idioma, cando as nosas capacidades vense afectadas pola idade, pola propia neurodiversidade, cando a persoa non ten un mínimo de alfabetización...) polo que as accións para a mellora da accesibilidade cognitiva dos diferentes espazos e obxectos beneficiaran, en última instancia tamén a toda a comunidade educativa en xeral. As

medidas plantexadas son:

- Crear espazos accesibles e inclusivos para toda a comunidade educativa a través da sinalización , de materiais, explicacións adaptadas sobre o uso dos espazos, dalgún recurso, xogo...
- Recibir formación e asesoramento para o profesorado sobre accesibilidade cognitiva, DUA... que permita levar a cabo as medidas coa mellor calidade posible.
- Creación no centro dun fondo de materiais didácticos seguindo o DUA que conte cun alto grao de comprensión para todo o alumnado.

A ÚLTIMA MODIFICACIÓN/ACTUALIZACIÓN DESTE PROXECTO FOI APROBADA EN REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE 28/06/2021

PLANS E PROXECTOS (anexos)

- I. PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
- III. PLAN DE ORIENTACIÓN
- IV. PLAN DE CONVIVENCIA
- V. CONCRECIÓN DO PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOS ESCOLAR E CIBERACOSO INCLUÍDO NO PLAN DE CONVIVENCIA
- VI. PROXECTO LINGÜÍSTICO
- VII. PROXECTO LECTOR
- VIII. PLAN TIC
- IX. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE (SECCIÓNS BILINGÜES)
- X. NOFC
- XI. PLAN DE IGUALDADE
- XII. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA